

ed
i
s
c
e
u

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [5] Centro Dramático Galego
- [5] Centro Coreográfico Galego
- [6] AXENDA
- [7-8] ALERTA!
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS

 Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

QUICO CADAVAL E WILLIAM SHAKESPEARE INAUGURAN A TEMPORADA DO CDG CO ESPECTÁCULO «NOITE DE REIS»

O ESPECTÁCULO, QUE SE ESTREA O VINDEIRO 28 DE SETEMBRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, SERÁ A PRIMEIRA INCURSIÓN DO AUTOR E DIRECTOR NO REPERTORIO SHAKESPEAREANO.

A UNIDADE TEATRAL DO IGAEM MONTARÁ ATÉ XUÑO DE 2008 TRES PRODUCCIÓNS PROPIAS E UNHA COPRODUCCIÓN, ADEMAIS DE CONTINUAR CO OBRADOIRO DE DRAMATURXIA E PROGRAMAR O SALÓN TEATRO, ENTRE OUTRAS ACTIVIDADES.

O Centro Dramático Galego (CDG) inaugura a nova temporada escénica 2007-2008 coa estrea o próximo 28 de setembro no Salón Teatro de Santiago de Compostela do espectáculo *Noite de Reis*, de W. Shakespeare, con dirección e dramaturxia de Quico Cadaval. Ábrese así este novo curso teatral da compañía que dirixe Cristina Domínguez, que desenvolverá nos vindeiros 9 meses un amplo programa de actividades, entre as que se contan a montaxe de tres producións propias, unha coprodución e unha nova campaña de difusión, ademais da continuidade de proxectos xa emprendidos como o obradoiro de dramaturxia e a programación externa no Salón Teatro.

[continúa na pantalla seguinte]

e_scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Imaxe portada: Toño Arias

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

No plan de produción, os criterios aplicados avanza nas liñas de actuación da temporada pasada, como son o desenvolvemento do repertorio dramático contemporáneo, o apoio á produción de espectáculos infantís e a clara aposta pola dramaturxia galega. A montaxe dos espectáculos *Valdemuller* –de Xosé Neira Cruz–, en febreiro de 2008 e *DramaA3* –con coordinación dramatúrxica de Daniel Salgado– en abril, completan a oferta do CDG.

Ademais, a compañía pública inicia a campaña 2007-2008 coa prioridade de espallar o seu discurso dramático por todo o país, entendendo a súa actividade como un servizo público teatral, que ha de estar baseado na proximidade, na exhibición e na fluidez na transmisión da información. Para isto está deseñada unha campaña de comunicación social coa que se pretenderá a máxima difusión do



Quico Cadaval

traballo e os servizos do CDG en todo o seu conxunto para, ao seu través, fomentar a actividade escénica a todos os niveis.

QUICO VS. WILLIAM

A temporada de produción comezará cun prato forte: *Noite de Reis*, un dos textos dramáticos por excelencia da dramaturxia universal e un dos máis representados, abórdase polo CDG da man dun dos directores máis consagrados do panorama escénico galego: Quico Cadaval, que se enfronta por vez primeira a Shakespeare.

Cadaval, actor, director e adaptador teatral, é unha das figuras máis mediáticas e seguidas do sector escénico galego. Impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galiza na década dos noventa, pertencente a unha xeración de profesionais que medrou canda o CDG e que actualmente se atopa no seu momento de madurez creativa, momento que, no caso de Cadaval, supón levar adiante a súa particular versión de *Noite de Reis*. Ábrese, pois, o pano da temporada cun gran espectáculo e cun duelo de altura entre dous dramaturgos separados polo tempo: Quico vs. William.

COMEDIA ROMÁNTICA

Todo o que a comedia romántica podería dar de si está reunido nesta peza. *Sebastián* e *Viola*, irmáns xemelgos, naufragan diante da costa de Iliria. *Viola* consegue chegar case sen vida á praia coa axuda de *Feste*, bufón da corte do duque *Orsino*. Ela cre que *Sebastián* morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de *Cesario*, pasa a servir na corte do duque *Orsino*, quen está poéti-

ca, apaixonada e desesperadamente namorado da aflixida *Lady Oliva*, que o rexeita continuamente. *Orsino* utiliza a *Cesario* como confidente e como mensaxeiro para *Oliva*, pero *Cesario* –*Viola*, en realidade– comeza a namorarse de *Orsino* mentres que *Oliva* namórase do mensaxeiro *Cesario*...

Para a montaxe de *Noite de Reis*, Cadaval conta cun elenco de 15 intérpretes (Rebeca Montero, Borja Fernández, Simone Negrin, Marcos Correa, María Bouzas, Susana Dans, Marcos Orsi, Xan Cejudo, Xosé Manuel Olveira «Pico», Víctor Mosqueira, Bernardo Martínez, Suso Alonso e Ramón López Castro «Mon»), ademais da colaboración artística de Baltasar Patiño na escenografía e iluminación, Gilda Bonpresa no vestuario e Bernardo Martínez na dirección musical.

Noite de Reis permanecerá no Salón Teatro até o 21 de outubro con cinco funcións semanais, de mércores a domingo. Iniciará a continuación unha xira por distintas localidades galegas até finais de decembro de 2007.



William Shakespeare

21 COMPAÑÍAS GALEGAS AMOSAN OS SEUS ESPECTÁCULOS NA FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS

Un total de 21 compañías de teatro e danza galegas presentarán os seus últimos espectáculos no cartel da XV Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrará en Santiago de Compostela do 23 ao 27 de outubro de 2007 organizada polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais).

Sarabela, con *Margar no pazo do tempo*; Fulano, Mengano e Citano, con *Arte*; Lagarta lagarta, con *As últimas lúas*; Teatro de Ningures,

con *Emigrados*; Teatro Galileo, con *Rosso profondo in punto di morte*; Teatro do Noroeste, con *Romeo e Xulieta*; Teatro do Atlántico, con *A bombilla máxica*; Teatro do Morcego, con *O burgués fidalgo*; Contrabutaca, con *Robin Hood*; Nut, con *Corpos disidentes*; Disque Danza, con *Menú vexetal*; Pisando ovos, con *30.000*; Cachirulo, con *Do, re, mi*, *Mozart xoga aquí*; Trompicallo, con *Bolboreta*; Monicreques de Kukus, con *Sen título*; Tanxarina con *Sombriros sen chapeu*; Ancora, con *Medidas preventivas*; Talía Teatro con *O merlo branco*; Pista Catro con *Kamikaze*, Matarile con *Truenos*

y *Misterios*; e Sapristi con *O son das cousas* compoñen a listaxe de compañías e producións galegas que se exhibirán na Feira.

Mediante a aplicación dos criterios obxectivos quedaron automaticamente seleccionadas as oito compañías de teatro de actor, dúas compañías de teatro de títeres e dúas compañías de danza con maior distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o primeiro semestre de 2007, así como as dúas compañías de nova creación con maior puntuación na convocatoria de axudas do IGAEM á actividade escénica. Rubén García, director artístico da

Feira, completou a representación galega e non galega da Feira, xa que o certame tamén está aberto ás compañías da área lingüística lusófona, apartado no que se amosarán catro proxectos escénicos procedentes de Cabo Verde, Brasil e Portugal.

A partir do 10 de setembro e até o día 30 permanecerá aberta a inscrición de programadores, que deberá formalizarse a través da web www.feiradasartescenicass.com.

PUBLICADO O SEGUNDO NÚMERO DA REVISTA «PARAÍSO»

O IGAEM vén de publicar o segundo número de «Paraíso», a revista de promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios, que se corresponde co período de programación de setembro a decembro de 2007 do devandito circuito escénico.

Nesta nova entrega, a publicación amosa un caderno central con toda a listaxe de funcións ordenadas cronoloxicamente, ademais de fichas parti-

culares de cada un dos espectáculos que o público poderá presenciar nas corenta e catro cidades e vilas galegas que prestan os seus espazos escénicos a este programa da Concellería de Cultura.

Entre os contidos específicos deste número, que está xa a disposición dos espectadores de xeito gratuito nos teatros galegos, figuran unha entrevista a autora e directora Ana Vallés, así como informacións e reportaxes sobre as compañías Lagarta lagarta e Nova Galega de Danza, o teatro de títeres en Galiza, o novo circo galego, o traballo do Grupo de Música Antiga Martín Códax ou unha crónica sobre a pasada estrea do espectáculo *30.000*, da compañía de danza Pisando Ovos, que é ademais a imaxe de portada.

Paraíso complétase con sendos comentarios de teatro e danza, asinados por Dolores Vilavedra e Natalia Balseiro, respectivamente, ademais de outras seccións, como novas en breve e opinións de espectadores.



AS REDES DE DISTRIBUCIÓN DO IGAEM ACOLLERÁN 661 NOVAS FUNCIÓNS ESCÉNICAS ATÉ FINAIS DE 2007

No último cuadrimestre do presente ano 2007 as tres redes de distribución de espectáculos que promove o IGAEM (Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo) teñen previsto acoller un total de 661 funcións escénicas e musicais, das que 324 se celebrarán no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios, 14 na Rede Galega de Salas e 292 na Rede Galega de Música ao Vivo.

Estas novas actuacións, que chegarán a máis de 60 concellos galegos, viranse a sumar ás 1.038 programadas entre os meses de setembro e decembro, polo que o balance de actividade a finais de ano ascenderá a 1.699 funcións realizadas (362 da RGTA, 113 da RGS e 855 da RGMV).

No caso da RGTA, participaron 80 compañías escénicas (29 de teatro adulto, 7 de teatro infantil, 7 de monicreques, 12 de danza, 11 de maxia e 14 agrupacións de música de cámara) nos 44 teatros e auditorios que formaron parte deste circuíto de exhibición nese período. Pola súa banda, a primeira programación da RGS acolleu 34 propostas escénicas de 31 compañías en cinco espazos asociados (Sala Nasa, Sala Yago, Teatro Ensalle, Teatro de Andamio e Teatro Arte Livre).

Ademais, un total de 72 grupos e solistas de todos os estilos actuaron en 43 salas da Rede Galega de Música ao Vivo, circuíto que o IGAEM promove xunto coa asociación Clubtura.

Estas tres redes inician en setembro un segundo ciclo de distribución, cun calendario de actuacións cuadrimestral (até finais de decembro) e varias novidades na súa planificación, como a posta a disposición do público do portal www.galescena.info como espazo de relación cos espectadores, que terán á súa disposición a axenda das diferentes programacións da Consellería de Cultura e Deporte e un sistema de socios para recibir información personalizada, e cos programadores e compañías ou grupos musicais a través dunha intranet para xestión das tres redes.

A ESAD E O IGAEM OFRECEN UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE PARA PROFESIONAIS

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia e o IGAEM inician unha nova liña de colaboración orientada a potenciar a formación permanente dos profesionais galegos das artes escénicas a través da posta en marcha dun programa de cursos que, entre setembro e novembro, celebrará nas cidades de Vigo e Santiago cinco encontros que abranguen diferentes ámbitos tanto artísticos como técnicos.

As sedes da Escola de Arte Dramática en Vigo e do Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago acollerán a posta en marcha deste plan formativo, cun profesorado composto por destacados nomes da escena a nivel estatal. Así, o programa dará comezo co Curso de Interpretación que a directora valenciana Carme Portaceli impartirá do 3 ao 7 de setembro na ESAD, onde tamén terá lugar,

Imaxe promocional de Berrogüetto



do 26 ao 30 de novembro, o Curso de Creación Escénica a cargo da bailarina e coreógrafa catalá Marta Carrasco.

No Salón Teatro realizaranse os tres cursos restantes: Producción (do 8 ao 11 de outubro en horario de tarde) con José Manuel Garrido, creador e director xeral da empresa de produción, consultoría e xestión cultural Artibús; e Introducción á Luminotecnia (do 15 ao 18 de outubro) e Dirección Técnica de Espectáculos (do 5 ao 9 de novembro), ambos impartidos en horario de mañá por Jordi Planas, director da Escola Superior de Técnicas das Artes do Espectáculo do Institut del Teatre catalán.

Cada curso oferta un máximo de 20 prazas, que serán adxudicadas por orde de inscrición. O prazo de recepción de solicitudes pecharase 10 días antes do inicio do encontro correspondente.

Coordinado por Daniel González Salgado, o Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas conta tamén coa colaboración da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, ATEGA, Escena Galega, GALATEA e UNIMA. O prezo da matrícula de cada curso é de 50 €, cun desconto do 50% para os socios destas asociacións profesionais.

A MÚSICA GALEGA ESTARÁ PRESENTE EN POPKOMM DA MAN DA CONSELLERÍA DE CULTURA

Distintas empresas e grupos de música galega desembarcarán entre os próximos 18 e 21 de setembro no Popkomm de Berlín, o segundo mercado musical máis importante de Europa, que acollerá deste xeito por vez primeira unha representación da nosa industria discográfica e dos nosos intérpretes, que viaxarán

á cidade alemana da man da Consellería de Cultura e Deporte.

Os grupos Berrogüetto, Faltriqueira, Lamatumbá e Deluxe actuarán no certame (Deluxe farao por convite directo dos organizadores e formará parte o 20 de setembro na gala da European Music Media Night), en tanto que as empresas Abada Xestión Cultural, Berrogüetto Producións, Falcatruada, Kamikaze Producións, La Fábrica de Chocolate, Nordesía, Producciones Sin Fronteras e Zouma Records intergrarán a participación galega dentro do pavillón Sounds from Spain.

Coa participación en Popkomm, a Consellería de Cultura e Deporte continúa na súa liña de apoio directo á promoción exterior da música galega, despois do éxito de iniciativas anteriores como a presenza na última edición de MIDEM ou a celebración das xornadas «Cara a unha industria musical galega».

CRISTINA DOMÍNGUEZ RECIBE O PREMIO «MÁSCARA» EN PALAS DE REI

A directora do CDG, Cristina Domínguez Dapena, recibiu o pasado 1 de setembro en Palas de Rei (Lugo) o premio «Máscara» ao labor teatral, outorgado polo colectivo Metatese Teatro no marco da VIII Mostra Internacional de Teatro no Camiño.

Metatese é un dos grupos pioneiros e de máis consolidada traxectoria do teatro amador en Galiza. Cofundador da FEGATEA (Federación Galega de Teatro Afeccionado), promove cada ano distintas actividades de promoción teatral, entre as que destaca a devandita mostra.

Cristina Domínguez Dapena (Pontevedra, 1965) é directora do CDG desde marzo de 2007. Titulada en Arte Dramática pola Real Escola Superior de Arte Dramática e Danza de Madrid na especialidade de interpretación, con anterioridade á súa entrada á fronte da compañía pública compaxinaba o labor de dirección da compañía A Factoría Teatro coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo (ESAD). Conta cunha grande experiencia no mundo da escena e tense caracterizado pola súa aposta polo teatro máis contemporáneo e polo gran coidado da escenografía.

A COMPAÑÍA PÚBLICA PON EN MARCHA O PROXECTO «ESPAZOS CDG»

Ademais dos seus proxectos artísticos propios e de programación no Salón Teatro, a compañía pública galega porá en marcha na temporada que se inicia o proxecto «Espazos CDG», me-



dante o que se pretende artellar un grupo de escenarios galegos, repartidos territorialmente, que servan de piares fundamentais á difusión dos produtos escénicos do CDG fóra da súa sede en Santiago de Compostela.

Este proxecto, que nacerá cuns 10 concellos, irase completando no futuro con novas incorporación de xeito que se chegue á meirande parte dos espectadores do país. Os espazos membros acollerán unha serie de accións e de intervencións dirixidas, por unha banda, a dar difusión das producións do CDG nas súas comarcas e/ou áreas de influencia; e pola outra, a promocionar as artes escénicas en xeral e axudar a atraer e consolidar un público comarcal para cada un destes espazos.

Entre as accións concretas previstas dentro deste programa figuran espectáculos promocionais, distribución de materiais informativos e colaboración nos actos difusión que se convoquen. O obxectivo é atraer e facer difusión das representacións do CDG que se celebrarán en cada concello, e, por extensión, achegar o teatro á vida cotiá dos espectadores potenciais facendo das artes escénicas algo divertido e ao alcance de todos.



SELECCIONADOS SETE BAILARÍNS QUE PARTICIPARÁN NA PRÓXIMA PRODUCCIÓN DO CCG

Máis dun centenar de bailaríns e bailarinas chegados de diferentes países de Europa e América participaron na audición pública que o Centro Coreográfico Galego (CCG) desenvolveu os pasados 20 e 21 de agosto, proceso no que se escolleron aos intérpretes cos que se configurará o corpo de baile da próxima produción da unidade de danza do IGAEM.

O tribunal –integrado por Natalia Balteiro, coordinadora do Centro Coreográfico Galego, como presidenta; e por Roberto Oliván e Maruxa Salas, bailaríns e coreógrafos, e Bárbara Piñeiro, representante da Asociación Galega de Profesionais da Danza, como vogais– determinaron a relación de seleccionados, que queda formada por Lenka Bartunkova, Florent Bergal, Hannah Shakti Buhler, Alexis Fernández Ferrera, Kírenia Celia Martínez Acosta, Gabriella Máthé e Nuria Sotelo Rodríguez.

Trala convocatoria desta audición o pasado mes de maio, o CCG recibiu máis de 160 solicitudes de participación procedentes de diferentes pun-



tos de Galiza e España, así como de numerosos países de Europa (Alemaña, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Portugal e Reino Unido, entre outros) e América (Costa Rica e Arxentina).

Os bailaríns e bailarinas seleccionados traballarán na vindeira produción propia do Centro Coreográfico Galego, trala excelente acollida da súa peza inaugural –*Vacuo*, dirixida por Maruxa Salas– coa que ofreceu máis de 30 funcións dende a súa estrea en xaneiro e que serviu, así mesmo, de carta de presentación do CCG en destacados encontros coreográficos como o Mov-s de Barcelona ou Dansa València.


O CCG ACOLLE EN SETEMBRO UN TALLER DE MOVEMENTO FÍSICO A CARGO DE IÑAKI AZPILLAGA

O Centro Coreográfico Galego acolle do 10 ao 14 de setembro na Coruña un taller de movemento físico e a súa aplicación á escena, a cargo de Iñaki Azpillaga, membro da prestixiosa compañía belga Win Wandekeybus. A actividade, que forma parte do proxecto formativo do CCG, está dirixida a aprofundar na experiencia do move-

mento físico e a súa aplicación á escena. Poderán participar até 20 alumnos e alumnas.

Durante as cinco xornadas previstas, percorrerase os terreos do movemento, a danza e a expresión escénica, animando aos cursillistas a traspasar os seus propios límites. Prepararase aos participantes para as esixencias físicas deste tipo de danza e experimentarase con distintos exercicios, formas de improvisación, ideas coreográficas e a relación do movemento co chan, así como coa a confrontación entre os intérpretes.

Iñaki Azpillaga iníciase na danza a través do folclore vasco. Comeza os seus estudos de ballet clásico e vai descubrindo outras disciplinas. Despois de bailar na Compañía Nacional de Ballet Clásico de España, dirixiu a súa carreira á danza contemporánea traballando con distintos grupos e producións. Estudou composición, improvisación e iluminación de danza na escola de Louis Nicolais de Nova York. A raíz dun encontro con Wim Wandekeybus trasládase a Bruxelas para traballar con el nas súas creacións.

04 MARTES	Nove Dous <i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i> O Carballiño 22:30 AUDITORIO MUNICIPAL		 Galitooñ	04 MARTES	12 MÉRCORES	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL	 Bacana	12 MÉRCORES
07 VENRES	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Ponteareas 21:00 AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO	Orquestra de Cámara Solistas de Galicia <i>Música clásica galega</i> Ribadavia 21:00 A. DA CASA DA CULTURA		07 VENRES	13 XOVES	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL		13 XOVES
08 SÁBADO	Carlos Borsani y el Gad <i>Los desastres del dinero</i> Oleiros 20:30 A. GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Galitooñ <i>Golulá</i> Santiago 20:00 TEATRO PRINCIPAL		08 SÁBADO	14 VENRES	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Vilagarcía 21:00 AUDITORIO MUNICIPAL		14 VENRES
09 DOMINGO	Arela das Artes <i>O recuncho de Anabel</i> Ames 17:00 CASA DA CULTURA DE BERTAMIRANS	Galitooñ <i>Golulá</i> Santiago 20:00 TEATRO PRINCIPAL	 Matarile	09 DOMINGO	15 SÁBADO	Orquestra de Cámara Solistas de Galicia <i>Música clásica</i> Vilagarcía 21:00 AUDITORIO MUNICIPAL	Titeres Cachirulo <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i> A Coruña 19:00 FORUM METROPOLITANO	Caramuxo Teatro <i>Glub, Glub</i> A Coruña 19:00 TEATRO DEL ANDAMIO
16 DOMINGO	Sapristi Teatro <i>Unha merenda de Alicias</i> Ames 17:00 CASA DA CULTURA DO MILLADORIO	Caramuxo Teatro <i>Glub, Glub</i> A Coruña 19:00 TEATRO DEL ANDAMIO				 Cachirulo	 Lagarta lagarta	16 DOMINGO
21 VENRES	Nove Dous <i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i> Ourense 20:30 AUDITORIO MUNICIPAL	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE	Matarile Teatro <i>Truenos&misterios</i> Ourense 21:00 TEATRO PRINCIPAL	Galitooñ <i>Golulá</i> Arteixo 20:30 CENTRO CÍVICO CULTURAL				21 VENRES
22 SÁBADO	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Narón 20:30 AUDITORIO MUNICIPAL	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE	Matarile Teatro <i>Truenos&misterios</i> Ourense 20:00 TEATRO PRINCIPAL	Nove Dous <i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i> Ourense 20:30 AUDITORIO MUNICIPAL	Capriccio Vocale <i>Recital lírico</i> Vilagarcía 21:00 AUDITORIO MUNICIPAL	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> Sanxenxo 21:30 PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> A Coruña 19:00 FORUM METROPOLITANO	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL
23 DOMINGO	Skéne Teatro <i>Asemblea das mulleres</i> Ribadeo 20:30 AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL	Nove Dous <i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i> Vigo 20:30 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	 Nove Dous			23 DOMINGO
27 XOVES	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE						27 XOVES
28 VENRES	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> A Coruña 20:30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Teatro do Noroeste <i>Romeo e Xulieta</i> O Barco 21:00 TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Santiago 21:00 TEATRO PRINCIPAL	Migallas Teatro <i>Un avó especial</i> Arteixo 20:30 CENTRO CÍVICO CULTURAL	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapeu</i> Sada 18:00 CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	CDG <i>Noite de Reis</i> Santiago 21:00 SALÓN TEATRO	 ESTREA	28 VENRES
29 SÁBADO	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> A Coruña 20:30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Carlos Borsani y el Gad <i>Los desastres del dinero</i> Ponteareas 21:00 A. REVERIANO SOUTULLO	Grupo Martín Codax <i>Que eu sei muit' amar</i> Vilagarcía 21:00 AUDITORIO	Viravolta Títeres <i>Paxaro de lume</i> A Coruña 19:00 FORUM METROPOLITANO	Os monicreques de Kukas <i>Sen título 4*8*6</i> Vigo 18:00 CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	CDG <i>Noite de Reis</i> Santiago 20:30 SALÓN TEATRO	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> A Coruña 19:00 TEATRO DEL ANDAMIO
30 DOMINGO	Xente das palabras <i>Non se che faga tarde</i> Vigo 21:30 TEATRO ARTE LIVRE	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> A Coruña 19:00 TEATRO DEL ANDAMIO				CDG <i>Noite de Reis</i> Santiago 18:00 SALÓN TEATRO		30 DOMINGO

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Inscrición de programadores na Feira Galega das Artes Escénicas	Aceptación de condicións de participación e formalización da participación na edición 2007 da Feira que organiza o IGAEM a través da web www.feiradasartesesceanicas.com	Distribuidores, programadores e demais axentes culturais galegos e de fóra de Galiza interesados na contratación de espectáculos galegos.	Do 10 ao 30 de setembro
Inscrición no Taller de Ritmo e Percusión impartido por Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero	O Centro Coreográfico organiza esta actividade formativa, que se desenvolverá os días 8 e 9 de outubro na Coruña. De carácter teórico-práctico, os contidos centraranse nas percepcións psicomotriz, auditiva do ritmo, así como na execución de instrumentos de percusión.	Profesionais das artes escénicas (bailaríns e coreógrafos) que desexen profundizar na percepción do ritmo tanto a nivel corporal como a nivel auditivo. 15 prazos.	Do 1 ao 24 de setembro
Serie de partituras «Agra Nova»	Recepción de partituras para o proceso de selección de obras que integrarán «Agra Nova», a serie dedicada a compositores actuais da colección Ars Gallaeciae Musicae.	Dirixida a compositores galegos actuais, que han de enviar as súas composicións mediante a achega de 3 copias impresas, sinopse e comentario da obra, currículo e datos de contacto do autor.	1 de outubro
Inscrición no Taller de Nova Galega de Danza impartido por Vicente Colomer e Jaime Díaz	O Centro Coreográfico organiza estouta actividade formativa, que se desenvolverá do 22 ao 26 de outubro tamén na Coruña. O taller versará sobre o concepto de danza galega que difunde a compañía Nova Galega de Danza.	Alumnos/as e intérpretes de danza. 20 prazos.	5 de outubro
Solicitudes de inscrición nos cursos do Plan de Formación Permanente da ESAD de Galiza e o IGAEM	Este novo programa formativo consta de: – Curso de Interpretación, con Carme Portaceli (ESAD, do 2 ao 7 de setembro). – Curso de Producción, con José Manuel Garrido (Salón Teatro, do 8 ao 11 de outubro). – Curso de Introducción á Luminotecnia, con Jordi Planas (Salón Teatro, do 15 ao 18 de outubro). – Curso de Dirección Técnica de Espectáculos, con Jordi Planas (Salón Teatro, do 5 ao 9 de novembro). – Curso de creación escénica, con Marta Carrasco (ESAD, do 26 ao 30 de novembro).	Dirixida a compositores galegos actuais, que han de enviar as súas composicións mediante a achega de 3 copias impresas, sinopse e comentario da obra, currículo e datos de contacto do autor.	Até 10 días antes do inicio de cada curso

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE [...]

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Microcréditos para mulleres emprendedoras e empresarias	Préstamos de até 18.000 euros en condicións vantaxosas e sen necesidade de avais.	Mulleres emprendedoras e empresarias.	31 de decembro

[...] 2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo Promoción do emprego autónomo	- Subvención financeira de redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como autónomos. - Rendas para o inicio da actividade (até 3.000 euros). - Axuda excepcional (até 3.600 euros).	Desempregados inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo como autónomos independentes ou que constitúan unha sociedade limitada. Mais información en: http://traballo.xunta.es/loader.jsp?cont=9158 (Orde do 1 marzo publicada no DOG nº48 do 8 de marzo de 2007).	15 de setembro
Consellería de Traballo Incentivos á contratación indefinida de persoas con discapacidade	Incentivos á contratación indefinida de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (até 3.907 euros).	Empresas que contraten con carácter indefinido a traballadores con discapacidade desempregados ou procedentes de centros especiais de emprego. Mais información en: http://traballo.xunta.es/loader.jsp?cont=9162 (Orde do 6 de marzo publicada no DOG nº54 do 16 de marzo de 2007).	15 de setembro
Convenio 2007 IGAPE-ICO-EEFF	Apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galiza financiados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igaape), o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e as entidades financieras.	Microempresas ou pemes que formalicen operacións de crédito con cargo a algunha das liñas do Plan de Fomento Empresarial 2007 do ICO por un importe superior a 25.000 € e cumpran coas condicións específicas establecidas no convenio.	28 de febreiro de 2008



O afundimento do Tiránic

Breogán Riveiro Vázquez
Colección Barriga Verde, nº 1
Edita: Baía Edicións-IGAEM
ISBN: 978-84-453-4436-1
PVP: 7 euros

Gañadora do IV Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (2006), na súa modalidade infantil, esta obra parte do afundimento dun barco como argumento para abordar os distintos xeitos de reaccionar dos personaxes e a importancia da unión á hora de enfrontar os problemas.



Misterio en Guernica

Xosé Manuel Fernández Castro
Colección Barriga Verde, nº 2
Edita: Baía Edicións-IGAEM
ISBN: 978-84-453-4437-8
PVP: 5 euros

Esta alegoría, estruturada a modo de *vía crucis* a través do que se establece un paralelismo entre o sufrimento dunha serie de personaxes durante a Guerra Civil e certas figuras relixiosas, resultou gañadora da terceira edición do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na modalidade de teatro para adultos, no ano 2005.



O soñador

Gabriel Castilla Raspa
Colección Barriga Verde, nº 3
Edita: Baía Edicións-IGAEM
ISBN: 978-84-453-4438-5
PVP: 6 euros

A obra coa que Gabriel Castilla foi recoñecido en 2003 co I Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na categoría de teatro para adultos, fai gala dun sutil emprego do humor negro para presentar varias situacións que van do real ao inventado.

Rexistro de datos
XANEIRO/MAIO 2007

IGAEM

CDG

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ribadeo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	97	130,00 €
Vigo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	244	1.584,00 €
Narón	<i>Regreso ao deserto</i>	2	142	608,40 €
Compostela	<i>A Piragua</i>	23	108,61	278,52 €
Ourense	<i>A Piragua</i>	1	70,00	412,20 €
Vigo	<i>A Piragua</i>	1	276,00	986,00 €
Lalín	<i>A Piragua</i>	1	50,00	112,00 €
Tuí	<i>A Piragua</i>	2	186,50	697,00 €
Vilagarcía	<i>A Piragua</i>	1	66,00	246,00 €
Pontevedra	<i>A Piragua</i>	1	154,00	465,00 €
Ribadeo	<i>A Piragua</i>	1	172,00	[de balde]
Carballo	<i>A Piragua</i>	1	270,00	[de balde]
Cangas	<i>A Piragua</i>	1	236,00	788,00 €
O Barco	<i>A Piragua</i>	1	68,00	293,00 €
Narón	<i>A Piragua</i>	2	118,00	478,50 €
A Coruña	<i>A Piragua</i>	1	260,00	471,80 €
Vigo	<i>Tarárá Chis Pum</i>	3	435	1.337,67 €
As Pontes	<i>Tarárá Chis Pum</i>	3	153	36,00 €
Ferrol	<i>Tarárá Chis Pum</i>	3	311	168,33 €
Ourense	<i>Tarárá Chis Pum</i>	3	228,33	534,67 €
Xixón	<i>Tarárá Chis Pum</i>	1	718	[de balde]
A Coruña	<i>Tarárá Chis Pum</i>	5	230,8	567,80 €
Compostela	<i>Tarárá Chis Pum</i>	19	184,74	487,42 €
A Estrada	<i>Tarárá Chis Pum</i>	2	189	359,00 €
Narón	<i>Tarárá Chis Pum</i>	2	155	598,82 €
Foz	<i>Tarárá Chis Pum</i>	5	163	[de balde]

CCG

CONCELLO	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIÓNES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	<i>Vacuo</i>	2	459	1.991,20 €
Compostela	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
Vigo	<i>Vacuo</i>	1	729	4.828,50 €
Narón	<i>Vacuo</i>	1	226	978,00 €
Vilagarcía	<i>Vacuo</i>	1	125	365,00 €
Pontevedra	<i>Vacuo</i>	1	197	685,00 €
O Barco	<i>Vacuo</i>	1	85	339,00 €
Tuí	<i>Vacuo</i>	1	324	1.133,00 €
Ferrol	<i>Vacuo</i>	1	193	965,00 €
Lugo	<i>Vacuo</i>	1	189	1.083,00 €
Ribadeo	<i>Vacuo</i>	1	136	340,00 €
Cangas	<i>Vacuo</i>	1	367	1.408,00 €
Ourense	<i>Vacuo</i>	2	205,5	1.854,50 €
Barcelona	<i>Vacuo</i>	1	181	1.255,00 €
Arteixo	<i>Vacuo</i>	1	103	277,45 €
Carballo	<i>Vacuo</i>	1	60	110,50 €
As Pontes	<i>Vacuo</i>	1	168	351,00 €

SALÓN
TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CCG	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
Círcolando	<i>Quarto Interior</i>	2	94	380,50 €
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,5	155,50 €
Marta Carrasco	<i>J'arrive..</i>	2	78	331,00 €
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2	104	417,00 €

SALÓN
TEATRO

Allerretour	<i>Ellas</i>	2	33,5	219,00 €
Teatre Lliure	<i>Last Chance</i>	2	88	419,50 €
Pedro Coello	<i>Fragmentos</i>	1	30	231,00 €
La Zaranda	<i>Los que rien losult...</i>	2	59	323,00 €
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81	195,00 €
Teatro de Ningures	<i>Emigrados</i>	2	230,5	563,00 €
Drumming	<i>Un tributo a Frank Zappa</i>	1	135	690,00 €
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30	179,00 €
Lagarta Lagarta	<i>As últimas lías</i>	2	83,5	268,00 €
CDG	<i>Tarárá Chis Pum</i>	19	184,74	487,42 €
CDG	<i>A Piragua</i>	23	108,61	278,52 €
Experimenta Danza + CCG	<i>Arte a escea</i>	2	125	233,00 €
SinSal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun...</i>	1	78	606,00 €
Pisando Ovos + CCG	<i>30.000</i>	2	173,5	170,50 €
SinSal	<i>Hanne Hukkelberg</i>	1	127	778,00 €
Matarile	<i>Truenos y misterios</i>	2	70,5	168,00 €
Pista Catro + CDG	<i>Kamikaze</i>	4	228,75	583,00 €
Sin Sal	<i>Tunng</i>	1	111	747,00 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCIÓNES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	81	10.715	48,63 %	32.975,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84 %	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91 %	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61 %	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	22	5.258	48,44 %	26.063,85 €

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNES	ESPECT/ FUNC	FACT/FUNCIÓN
10&10 Danza	1	40,00	89,50 €
A Factoría Teatro	9	135,00	686,98 €
A Internacional	3	58,33	51,25 €
Ancora Produccións	3	59,33	244,67 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	5	56,00	96,80 €
B. Studio	1	38,00	87,00 €
Berrobombán Teatro	9	132,56	345,83 €
Caramuxo Teatro	3	65,67	79,55 €
Chrystyan Magic	2	261,50	460,75 €
Colectivo Danzón	1	49,00	34,00 €
Companhia do Chapitô	3	59,67	180,00 €
Cuarteto de corda da orquestra «Solistas de Galicia»	1	14,00	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la carta	2	183,00	245,50 €
Dani García	2	82,00	193,00 €
Decamerón e Cía.	1	71,00	177,50 €
Disque Danza	3	77,33	108,00 €
Dúo Antón de Santiago- Alexis Díez	3	46,33	91,83 €

COMPANÍAS

Dúo Instrumental Dirección	1	4,00	10,00 €
Erre que erre	3	53,33	91,33 €
Espello Cóncavo	9	97,11	426,37 €
Experimenta Danza	1	79,00	96,00 €
Fulano, Mengano e Citano	17	167,06	601,86 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57,00	141,00 €
Grupo de Música Antiga Martín Codax	2	37,50	114,00 €
Inquedanza	1	55,00	122,50 €
Javier Martín	1	20,00	64,00 €
Julia Cea e Mondello Quartet	1	59,00	29,00 €
Karlik Danza	1	64,00	46,00 €
La imagina machina	9	111,22	198,66 €
Lagarta Lagarta	17	134,18	494,66 €
Ludus Tonais	1	8,00	16,00 €
Luis Boyano	2	84,50	143,70 €
Mago Benxamín	2	99,50	126,50 €
Mago Cali	1	271,00	325,20 €
Mago Kiko	1	82,00	157,50 €
Mago Martyn	1	80,00	154,00 €
Mago Richard	4	124,50	248,13 €
Malasombra	4	80,50	315,69 €
Máscara Produccións	5	106,20	385,00 €
Migallas Teatro	7	101,86	128,22 €
Mimo- Mago Anyo	3	154,00	243,33 €
Mofa e Befa	11	138,09	468,01 €
Nova Galega de Danza	2	91,00	295,00 €
Nove Dous	6	79,33	218,08 €
Nut Teatro	8	159,25	230,13 €
O Mago Teto	2	132,00	253,25 €
Omar Percusión	1	47,00	31,00 €
Os Colombañños	6	172,17	83,33 €
Os Quinquilláns	3	96,00	43,00 €
Os sete magníficos máis un	4	109,75	268,38 €
Os Tirinautas	3	139,00	335,17 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	3	117,67	253,50 €
Pisando Ovos	1	80,00	377,00 €
Quinteto de vento metal Santa Cecilia	1	70,00	51,00 €
Quinteto de vento Pentafonía	4	24,50	55,88 €
Quinteto Santa Cecilia	1	12,00	60,00 €
Sala Yago	5	115,00	194,04 €
San&San	5	83,00	171,30 €
Sarabela Teatro	20	136,75	596,85 €
Susana de Lorenzo	1	22,00	110,00 €
Talia Teatro	8	127,50	312,81 €
Tanttaka Teatroa	5	157,80	857,92 €
Teatre Arca	7	99,71	463,01 €
Teatro de la Luna	6	159,83	314,17 €
Teatro de Ningures	17	127,94	412,41 €
Teatro del Andamio	5	69,20	119,70 €
Teatro do Atlántico	12	67,17	215,54 €
Teatro do Lilo	4	105,50	232,25 €
Teatro do Morcego	11	140,36	481,07 €
Teatro do Noroeste	12	118,75	600,08 €
Teatro dos Tirinautas	1	119,00	364,00 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	13	88,85	269,69 €
Titeres Cachirulo	5	273,40	505,10 €
Titeres en Acción	5	118,60	277,70 €
Titeres Tropicallo	4	103,00	183,50 €
Titzina Teatre	4	69,00	297,25 €
Trio Musical Intermezzo	1	28,00	140,00 €
Vocalise	2	11,50	30,50 €
Yllana Teatro	3	430,33	1.869,67 €

escena en



CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña	9	120,56	780,58 €
A Estrada	10	87,30	293,10 €
Ames	12	59,42	124,96 €
Arteixo	8	171,63	217,33 €
As Pontes de García Rodríguez	6	110,50	137,70 €
Betanzos	4	111,50	284,75 €
Boiro	9	124,56	164,50 €
Burela	9	145,22	368,83 €
Cambados	4	111,75	138,00 €
Cangas	9	217,44	710,22 €
Carballo	8	109,75	286,30 €
Cariño	7	32,00	52,14 €
Cedeira	3	21,67	43,33 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	6	51,67	91,21 €
Ferrol	5	85,20	375,00 €
Foz	7	87,29	41,29 €
Lalín	7	177,29	172,50 €
Lugo	4	240,50	922,00 €
Monforte de Lemos	6	100,83	220,00 €
Muros	10	72,10	140,95 €
Narón	14	174,29	742,33 €
O Barco de Valdeorras	9	69,33	242,22 €
O Carballiño	4	96,50	293,00 €
Oleiros	5	191,40	664,10 €
Ortigueira	6	24,17	48,33 €
Ourense	11	138,91	698,33 €
Ourense (Auditorio)	12	122,50	271,33 €
Ponteareas	11	177,82	430,55 €
Pontevedra	5	105,40	406,20 €
Redondela	7	215,86	659,57 €
Ribadeo	20	105,45	333,10 €
Sada	13	97,15	66,38 €
San Sadurniño	8	58,13	115,13 €
Santiago de Compostela	24	105,33	377,92 €
Sanxenxo	6	81,50	243,08 €
Tui	13	196,62	494,08 €
Vigo	14	132,07	382,29 €
Vigo (Caixanova)	7	278,86	1.750,86 €
Vilagarcía de Arousa	13	37,38	104,85 €
Vilalba	5	67,00	193,80 €
Vilanova de Arousa	4	57,00	0,00 €
Viveiro	4	86,75	337,75 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcions	287	365
Público	46.849	42.647
Ocupación	40,19 %	29,71%
Facturado	132.931,70 €	127.583,31 €

REDE GALEGA DE SALAS

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACTUR/FUNC
A Coruña (Teatro del Andamio)	16	33,31	90,19 €
Santiago (Sala Nasa)	20	40,90	219,40 €
Santiago (Sala Yago)	28	45,00	221,52 €
Vigo (Teatro Arte Livre)	21	11,33	95,71 €
Vigo (Teatro Ensalle)	13	25,69	187,04 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS			
FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURACIÓN
98	3.183	34,53%	16.475 €

MÚSICA AO VIVO (Febreiro/xuño 2007)

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT. CONCERTO	FACT CONCERTO
6pm	5	62,80	126,80 €
A Compañía do Ruido	9	87,33	252,22 €
A matraca perversa	10	37,70	110,70 €
Aguardiente Swuing Quarter	5	33,80	147,00 €
Anacos de Buxo	7	28,86	46,14 €
Anger	6	43,17	51,33 €
Ataque Escampe	7	47,86	97,00 €
Blue Rain	11	32,82	47,82 €
Bukovski trio	14	34,43	72,14 €
Coda	11	34,00	87,55 €
Color Café	12	40,00	88,58 €
Cornelius	12	73,08	237,83 €
Détour	10	31,80	76,90 €
Diego Freire	4	26,50	34,50 €
Diego Massinimi	11	22,09	38,82 €
Dios ke te crew	12	89,33	276,92 €
Dr. Funkstein	10	43,10	73,60 €
Dreams of Dolly sheep	8	40,63	80,88 €
Ectoplasma	9	67,22	219,11 €
El Pablo	8	42,00	52,44 €
Ergon	10	58,80	95,10 €
Esenia	4	35,00	85,00 €
Fabulosos cubatas de ...	12	71,83	128,67 €
Faltriqueira	7	103,57	491,71 €
Grasa	10	58,90	109,10 €
Guezos	7	75,00	124,86 €
Hot Kawa Club	9	29,89	62,89 €
Jaso&Bo	8	31,38	48,50 €
Jato Nejro Jazz Trio	11	27,36	48,36 €
Los crueles	6	44,17	74,50 €
Los Iribarnes	4	74,00	177,00 €
Lume	8	52,63	80,13 €
Marcos Pin Trio	9	30,33	108,11 €
Miguel Costas y la Banda Turca	7	86,71	191,79 €
Mk Nónimo	4	32,75	32,38 €
Moon Cresta	12	42,33	151,83 €
Motor Perkins	3	57,67	60,33 €
Mr. Dixie Jazz Band	9	40,89	133,56 €
Nadadora	2	76,50	435,50 €
Narf	8	33,88	89,25 €
Niño y pistola	7	54,43	198,00 €
O leo i arremechágonas	8	34,25	49,88 €
Ocean's Garden	4	53,00	127,50 €
Os Trasnós de Moscoso	10	28,10	41,70 €
Pablo Bicho Cuarteto	7	49,43	115,14 €
Pepe Vaamonde Grupo	9	60,33	196,89 €
Phantom Club	9	62,78	120,44 €
Quempallou	6	75,00	288,25 €
Querido Salvaje	4	26,25	40,50 €
Ragdog	7	58,29	135,57 €
Renato Spencer & Café Caxara	14	46,14	88,07 €
Roberto Somoza Cuarteto	5	32,60	108,40 €
Robin de los estercoleros	7	44,29	166,86 €
Ruxe-Ruxe	13	61,62	181,46 €
Safari Orquesta	2	57,50	55,50 €
Sax Machine	8	43,00	79,13 €
Sevigny	5	29,20	64,00 €
Snail	5	34,80	36,80 €
Soak	10	73,20	277,00 €
Sugar Mountain	9	52,33	156,00 €

GRUPOS

GRUPOS

Tango Project	13	37,08	56,46 €
Telemaco	4	48,00	106,00 €
The Sweat	10	41,10	53,10 €
The Turre's Band	5	59,40	125,00 €
Thunn	4	34,50	228,00 €
Toques de Caramulo	4	49,50	53,25 €
Trifulka	5	21,20	32,40 €
Victor Aneiros Band	2	67,50	203,50 €
Xoan Curiel	11	36,00	40,82 €
Zenar	7	46,71	135,86 €
Zumbido	5	27,40	51,80 €

SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
A Fragua (REDONDELA)	12	34,67	64,33 €
Ache (MARÍN)	9	59,67	229,89 €
Aturuxo (BUEU)	22	69,27	302,00 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	16	33,50	77,19 €
Badulake	4	34,50	0,00 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	13	59,77	136,04 €
Baranda (O BARCO)	14	87,50	160,36 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19,00	38,00 €
Borriquita de belén (SANTIAGO)	9	47,11	47,44 €
Café Concerto Antano (ORDES)	12	52,50	90,50 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roí Xordo (ALLARIZ)	11	41,36	113,09 €
Casa das Crechas, s.l. (SANTIAGO)	6	37,17	66,17 €
Clandestino (NIGRÁN)	10	43,30	139,00 €
Clavicembalo (LUGO)	32	32,47	82,91 €
Contrabajo (VIGO)	11	38,45	60,27 €
El Ensanche (VIGO)	13	22,54	64,15 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	4	150,00	198,75 €
Garufa (A CORUÑA)	13	33,23	113,46 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	6	35,33	127,67 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	17	31,06	128,53 €
La Casa de Arriba (VIGO)	14	15,79	47,86 €
La Fábrica de Chocolate Club (VIGO)	31	53,90	184,74 €
Manteca Jazz (VIGO)	7	57,14	182,71 €
Marrucho (BAIONA)	11	44,36	139,64 €
Náutico	4	74,25	160,50 €
O Con do Moucho (BAIONA)	9	62,67	73,78 €
Planeta, c.b.	8	73,88	175,13 €
Pub d'Antón rock café (A LARACHA)	28	35,29	57,00 €
Pub Gatos (MELIDE)	25	43,84	80,24 €
Pub Kilé (ORDES)	10	56,40	114,20 €
Remache (VIGO)	4	35,00	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	10	56,60	123,70 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	11	62,27	169,55 €
Sala Dzine (SAN SADURNIÑO)	20	77,65	156,95 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	12	29,75	102,92 €
Sala Mogay (CHANTADA)	8	46,88	140,63 €
Sala Son (CANGAS DE MORRAZO)	11	32,00	70,45 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	16	62,31	81,06 €
Vagalume café concerto (SALVATERRA)	10	56,50	128,50 €
Verbum Jazz (VIGO)	8	31,50	67,75 €
Verbum Náutico (VIGO)	8	33,38	58,25 €
Woodstock (PORTONOVO)	12	22,33	60,58 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	13	60,15	141,62 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO	2007
Concertos	550
Público	26.454
Ocupación	25,91%
Facturado	65.268 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es